

Fron da

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 83

ano 14

xullo-agosto 2019

O PADRÓN DE SAN CLODIO DE 1580

O padrón da xurisdición de San Clodio realizouse nos meses de xullo e agosto de 1580 baixo o mandato de **D. Melchor de Puerta Agüero**, correxedor de Laredo, que actuaba como xuíz comisionado de Filipe II para pescudar o valor da **xurisdición de San Clodio**.

Entre outra información, o xuíz comisionado debía determinar o número de vasalos do mosteiro que habitaban nesta xurisdición constituída por un núcleo formado polas parroquias de Lebosende, Bieite e San Clodio, xunto cos lugares de Cuñas e Cacabelos da freguesía de San Lourenzo da Pena, todas **terras vitícolas** situadas no corazón do **Ribeiro de Avia**. Posuía ademais un conxunto de nove granxas, separadas do núcleo central e maiormente situadas en **terras de pan**. En total sumaban 428 veciños (1618 habitantes), dos que 387 (1467 habitantes) vivían no núcleo xurisdiccional, con capitalidade e casa da audiencia no propio lugar de San Clodio.


Aldea por aldea e casa por casa, este padrón contén unha relación nominal dos individuos que convivían en cada fogar cunha serie de **datos normalizados**: nome, apelidos, estado civil, rango social e profesión do cabeza de familia e, se era o caso, da esposa, así como o nome dos fillos; no caso de viúvos e casados en segundas nupcias figura o nome do cónxuxe defunto e o dos fillos que quedaron, o mesmo que o dos expósitos ou orfos que conviven co seu titor; tamén se rexistra sempre o nome dos criados e o seu lugar de orixe.

Teñen ademais os rexistros do padrón algo da esencia dos relatos en estado puro, do tipo daqueles que se escoitaban nas lareiras ou entre o fume das tabernas. Relatos construídos coas palabras imprescindibles, exentos de toda charlatanería. Véxase senón este de Alonso Suárez, veciño de Leiro, lugar daquela da parroquia de Lebosende:

«Alonso Suárez, biudo, que está sentado por soldado para la guerra de su magestad. Tiene quatro hijas y un hijo, suyos y de Constança Mosqueyra, su muger, difunta. El hijo se llama Rodrigo y bibe en la ciudad de Santiago, y la primera hija se llama Briolanja y bibe con Costanza Feixoa en la feligresía de San Clodio, y la otra se llama Maria y bibe con Pedro Suárez, y las otras se llaman Mariña y

Costanza y una anda por ay perdida y la otra la crían por servicio de Dios. Tienen bienes por parte de su madre en este lugar y no tienen tutor».

Por todo o dito o Padrón de San Clodio de 1580 permite formarnos unha imaxe moi viva da sociedade do Ribeiro de Avia a finais do século XVI nun momento no que esta rica comarca vitícola estaba experimentando unha etapa de gran **puxanza económica e demográfica**.



1580, xullo, 10 – agosto, 6. San Clodio (Leiro)

Padrón de San Clodio

Orixinal; escritura humanística; castellán; 226 x 310 mm
AHPOu, Mosteiro de Sta. Mª de San Clodio, L. 696, fols. 391-457.

Unha valiosa fonte histórica

O padrón de San Clodio de 1580 forma parte dun dos expedientes de **desvinculación e venda de xurisdicións eclesiásticas** promovidos durante os reinados de Carlos I e Filipe II, un proceso co que se pretendía contribuír a superar as dificultades orzamentarias ocasionadas pola custosa política exterior destes monarcas. Para iso iniciáronse unha serie de expedientes de investigación destinados a establecer o prezo de venda das xurisdicións afectadas nos que se incluía a elaboración dun padrón para pescudar o **número de vasalos** de cada unha delas segundo reza a carta rexia que abre o expediente:

«Mandamos a los conzejos justicias regidores de los dichos lugares cotos y feligresías que vos den y entreguen luego e padrón cierto y verdadero jurado y firmado de sus nombres en el qual pongan y asienten todos los vezinos y moradores que al presente ay en los dichos lugares y feligresías y en sus términos y jurisdicción nombrando a cada uno por su nombre sin dexar de poner en el dicho padrón a ninguno quier sea clérigo, hidalgo, pechero, rico, pobre, biuda y menores y huérfanos [...] y tomado el dicho padrón lo informareis si es cierto y verdadero».


Trátase, polo tanto, dunha **fonte demográfica** de extraordinaria riqueza informativa para coñecer o Ribeiro de Avia a finais do século XVI. A súa potencialidade como fonte histórica resulta evidente: nin sequeira os libros de persoal do Catastro de Ensenada conteñen unha información tan detallada sobre a **organización familiar** ou o **hábitat de poboación**. Dende ese punto de vista, o padrón permite un achegamento non só a realidade demográfica do Ribeiro de Avia a finais do século XVI, senón tamén un coñecemento detallado do tipo de poboamento, do tamaño, estruturas e vínculos familiares, así como da **onomástica e da toponimia**.

A poboación e o poboamento en 1580

Dende a Idade Media o Ribeiro de Avia foi a principal **comarca vitícola** de Galicia e o Mosteiro de San Clodio -abadía vitícola por excelencia da provincia de Ourense- tivo un papel fundamental como axente articulador da economía e sociedade desta durante o medievo e a Idade Moderna.

A gran produtividade das terras do Ribeiro e a rendibilidade do cultivo comercial do viño, principal exportación galega desde a baixa Idade Media, son elementos que explican a altísima **densidade de poboación** que rexistra o padrón de 1580. Como xa vimos, no total da xurisdición vivían 428 veciños e 1618 habitantes, dos cales residían nas granxas 41 familias e 151 individuos. No núcleo da xurisdición, cunha extensión de 10 km², rexístrase unha densidade de poboación de 130 habitantes por km², cando a finais do século XVI se documentan uns 21 hab./km² para o Reino de Galicia e 18 hab./km² para toda a Coroa de Castela.

Asemade, o padrón sinala **31 núcleos de poboación** cunha media de 11 veciños por aldea, unha media que oculta gran **diversidade de tamaños**: algo máis da metade das localidades movíanse entre os 5 e os 14 fogares, cerca dunha cuarta parte non contaban con máis de 4 veciños e a cuarta parte restante oscilaba entre as 15 e 54 vivendas. Estas cifras están moi por riba do que se coñece para distintos lugares de Galicia a finais do século XVI nas que se rexistran medias que se moven entre os 3,63 e os 6,63 veciños/aldea.



Padrón da xurisdición de San Clodio de 1580, rexistro correspondente ao lugar de San Clodio. Na parroquia do mesmo nome. AHPOu, Mosteiro de Sta. M^a de San Clodio, L. 696

Os fogares do Ribeiro de Avia en 1580

Entre os padróns, os de maior interese para a historia son aqueles que non se limitan a informar sobre o número de persoas que conviven nun mesmo fogar, senón que inclúen outros datos, como os seus nomes, o seu parentesco familiar, a súa idade, as súas ocupacións, as súas rendas ou a súa orixe.

En España, o rexistro global máis completo dese tipo para a Época Moderna, aínda que non conteña todos os datos citados, é o **Catastro de Ensenada**, de mediados do século XVIII. A escaseza de fontes comparables para os séculos precedentes mantén na penumbra a caracterización dos fogares galegos de boa parte da Idade Moderna. En consecuencia, o achado de padróns como o de San Clodio, aínda que sexan de carácter local, posúe grande interese para enriquecer o coñecemento do universo familiar da época moderna.

Así, a partir do padrón de 1580 sabemos que a maioría das familias de San Clodio estaban compostas polos proxenitores e un ou dous fillos, o que se coñece como **estrutura nuclear**, sendo máis minoritaria as familias de estrutura complexa. Disto resulta un tamaño medio de 3,78 individuos por familia, unhas reducidas dimensións que están en relación co predomínio de **pequenas explotacións agrarias** de monocultivo vitícola que eran viables grazas á alta produtividade das viñas do Ribeiro. Esta circunstancia facía posible que as herdanzas se repartisen de forma igualitaria, o que pon en relación o tipo da familia co **sistema hereditario**.